

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 187 — 15 JUNIO 1923

UNHA PAXINA DE SENADOR

Finis Hispaniæ

O contraste entre a severidade con que veñen traballando os Tribunales militares e a actitude desaprensiva do pobo nas derradeiras eleccións, é tema axeitado para traer á memoria dos que xa peinamos canas un mundo enteiro de vergoñosas lembranzas: Cuba; a guerra sin pan e sin cartos; as macheteos por desorganización; a ocupación de territorios con unidades isoladas; as guarnicións dos fortes deixadas á sorte; as inmoralidades dos partidos adictos apoyadas dende a metrópoli; as arripiantes escenas carcelarias, que cincelaba Ciges Aparicio; o sanquiñento epígrama d-un xornal francés de que Hespaña non había perdido as colonias "porque as había traído para a casa"; a frase infame d-un empresario de xornales yanquis ao seu corresponsal na Habana, "vostede poña os grabados i-eu *poñerei a guerra*"; os almacés sin provisións; os acorazados sin carbón; os hospitales sin caldo e sin medicamentos; a repatriación dos moribundos desfeitos pol-a fame; os exércitos fendidos por orden da superioridade antes de ver ao enemigo; o mandar saír a escuadra fronte aos cañóns de sesenta barcos; Capdepón índose aos touros co'a noticia de Santiago de Cuba no peto; os telegramas que Salmerón lía nas Cortes probando a deliberada preparación da catástrofe pol-o Goberno para facer a paz a todo trance; a imbecilidade do pobo que ademitía sin protesta o seu fundimento, dándolle a razón aos xornales ingleses que dicían que "Hespaña había aceptado a derrota con bastante filosofía"; a liquidación financeira do desastre á conta dos pobres que carecían de traballo pola desfeita da produción, e non á conta dos ricos, que facían festas e bailes "para evitar perxucios ao comercio"; o presuposto de *reconstrucción* sobor do consumo e non sobor da renda; o imposto sobor das *utilidades do traballo persoal*, e non sobor das ganancias dos privilexiados pol-o arancel, a cuyo beneficio excrusivo se había feito a campaña; os troques da moeda ao 200; os empréstitos con banquete na trastienda do Banco que no ano 98 ganaba como rentista e prestamista do Tesouro setenta e tres millós de pesetas c-un capital de cento cincuenta, do xeito do ano derradeiro que con motivo d-outras desgracias reparteu dividendos do trintenove por cento; o pago ao exército con "abonarés", que inda non se acabaron de pagar; o Goberno de Silvela coidándose acreedor á gratitude nacional "por haber reprimido aos repatriados", que non pidían mais que o precio do seu sangue...

¡Puah, qué noxo! Toda unha lameira de porcallada. Todo un sistema de saqueo e despotismo sancionado pol-a cobardía popular. Todo un réximen de corrupción e afundimento completamente impune.

JULIO SENADOR.

ACTUALIDADE NACIONALISTA

A retirada do Sr. Cambó

Acabamos de lér nas derradeiras noticias dos xornales que o Sr. Cambó, o ilustre político catalán, escribiu unha carta ao Sr. Abadal, presidente da Lliga Regionalista, renunciando á dirección política da Lliga e a acta de deputado a Cortes por Barcelona.

A noticia, como a todo o mundo, sorprendeunos e impresionounos fundamente. O Sr. Cambó, quirido amigo noso, que sempre tivo para as Irmandades atencións e preferencias garimosas, é sin disputa a mais eminente representación de Cataluña, o único político que dende que existe o Parlamento hespañol, pudo falar con plena autoridade durante varios anos en nome de todo un pobo, porque cando o Sr. Cambó falaba, era Cataluña enteira á que apoyaba e refrendaba as suas verbas.

Por isto esta decisión do Sr. Cambó terá seguramente unha trascendencia que pol-o d'agora somos incapaces de determinar. Pero podemos afirmar que na vida do nacionalismo catalán, dende que no ano 1 deu comenzo organicamente coas campañas do doctor Robert, non se deu ningún feito da importancia d'este, pol-o seu caracter sintomático e pol-as consecuencias que ha de provocar. E tamén terá grande importancia para o nacionalismo galego, mais da que agora podemos sospeitar, porque todol-os movementos ideolóxicos e sentimentales de Cataluña, os seus triunfos e os seus fracásos, forzosamente teñen que sentirse por refrexo no movemento noso.

Resulta algo prematuro aventurar xuícios. Mais sin embargo conociendo a Cambó, conociendo os términos da sua carta e a actuación do nacionalismo catalán, creemos poder sentar con seguranza de acerto as seguintes afirmacións: a retirada do Sr. Cambó non se debe ao pleito cativo d-unha contienda electoral, nin siquera á loita entablada entre "Acción Catalana" e a "Lliga Regionalista". Tampouco constitúe unha protesta contra o separatismo catalán: "Por eso hoy día el movimiento catalán—¿por qué no decirlo—es hondmente separatista"; esto escribía púbricamente o Sr. Cambó xa no ano 1915; o que non quixo nunca o Sr. Cambó foi aventurarse a leval-o movemento catalán por camiños revolucionarios, e si evolutivos, por non considerar bastante preparado ó seu pobo para un movemento d-esa natureza.

Tampouco se retirou por ser a sua persona boicoteada pol-a política madrileña; si esto fora a causa, fai tempo que xa se tería retirado, e non sería él somente sinon toda a minoría regionalista a que renunciaría á representación parlamentaria; él ben sabe que o seu prestixio e a eficacia da sua labor non dependía do favor de Madrí, sinon do

apoyo de Cataluña; él é un home que se templa e supera na loita.

¿A qué se debe, pois a súa retirada? A que él comprende que toda Cataluña xa non espera nada da política colaboracionista; a que na conciencia de toda Cataluña foi anidando o convencimento de que o pleito catalán tén que resolverse en Cataluña e non en Madrí; e sobre todo obedece á que este convencimento anidou tamén na mesma conciencia do Sr. Cambó. Por iso a súa retirada en lugar de ser unha protesta contra a nova orientación do nacionalismo catalán, encarnada na "Acción Catalana", constitúe a máis axuda que n-este instante o Sr. Cambó podía prestar a esa orientación: a súa carta o deixa ver cristaiñamente: reconece n-ela o triunfo d-esa nova orientación, pero non-a censura, e en troques lanza sobor dos Gobiernos de Madrí toda a responsabilidade do que poda ocorrer; é decír, que o Sr. Cambó consagra diante Cataluña o camiño marcado por "Acción Catalana", e quitalle á "Lliga Regionalista" a categoría de definidora, para que ambas entidades se unifiquen, e Cataluña apáreza de novo enteira e unánime baixo o mesmo pensamento e a mesma disciplina diante de Hespaña.

Iste novo movemento non-o pode dirixir o Sr. Cambó, entre outros motivos, pol-os seguintes: porque un cambio tan profundo na súa orientación política sacaría a autoridade suprema que debe ter todo caudillo, e sobre todo porque o movemento carecería d-aquela forza de perigo e de ameaza que xa hoxe tén, e que o Sr. Cambó separado d-él pode acrecentar presentándose a sí mesmo como vítima diante o Poder central por non haber este atendido a tempo as aspiracións moderadas de Cataluña. Mais en troques o Sr. Cambó no seu voluntario desterro verá como no seu pobo volve a renacer a ilimitada confianza que n-él antes tivo, e non pasará moito tempo sin que vólva a ser reclamado para dirixir a loita; e entón poderá volver a ela con máis autoridade, con máis fé e con máis eficacia que nunca.

Tal é a nosa primeira impresión, que temos a confianza de que seña confirmada, fundados sobre todo no gran patriotismo de Cataluña que sempre soupo aproveitar todos os momentos para vigorizar as súas arelas de liberdade.

O moimento a Curros

No programa de festexos que na Cruña vanse celebrar con motivo da chegada aquí da excursión da Habana, figura o da colocación da primeira pedra do moimento ao gran poeta Curros Enríquez. Moito debémosnos folgar de que ao fin lévese a cabo este proxecto, maxinado xa dende a data da morte do insigne autor de "Aires da Miña Terra".

Mais para que a ledicia que esto débenos producir sexa máis grande faise preciso acrarar algo que aparece moi dubidoso e que parece tamén hai gran intrínseco en ocultar. ¿Qué moimento vaise facer e quen é o autor?

Non fai aínda moito tempo que Galicia enteira manifestouse rexamente pedindo que o autor do proxecto fose un artista galego.

Pasou aquel entusiasmo momentáneo e a cousa sumiu-se n'un esquecemento inexplicable. Pero agora que según parece a erección do moimento vai ser unha realidade faise necesario e inaprazable o volver ao asunto para que todos

seipamos que é o que se vai facer.

Fai pouco tempo, unha revista da Habana publicou dúas fotografías con dous detalles d'un proxecto que, según a revista decía, era o que se tiña acordado fose erixido. O autor do proxecto é un escultor vasco. Por varios conductos chegou a min a noticia de que o xornal habanero "Diario de la Marina" fixera unha gran campaña a favor do referido proxecto e aseguráronme que era un feito xa o erguer o moimento con arreglo ao proxecto do escultor extranxeiro.

Non sei realmente o que hai de certo n'esto, pero si sei que a "Academia Gallega" vai nomear académico de honor ao señor conde de Rivero, propietario do xornal que defendeu a capa e espada o proxecto que se di aprobado. Isto, que de feito é unha mostra de rebaixamento espiritual por parte da Academia, pois non existe razón para facer tal homenaxe a un señor a quen nada debemos e que ademais non é galego, é tamén un dato que non deixa de ser sinificativo. Se fose certo, e todo hasta agora indica que sí, semellante aldraxe, imponse unha baruda campaña de protesta e imponse tamén o non consentilo.

Mais non adiantemos os acontecementos, pois con exactitude nada sabemos. Pero o que si queremos saber, que é necesario que nos digan axiña e sin rodeos, é como e quen vai facer o moimento. Por dinidade e por patriotismo é preciso que esto sexa acrarado e urxe saberlo, pois non falta máis que un mes para a colocación da primeira pedra e denantes d'esa data Galicia enteira debe saber si a intención da Academia coincide co'a opinión galega recentemente manifestada con craridade cristaiña e de maneira que non admite réplica. Coido que non é moito pedir, e que temos dereito a pedil-o pois non hai nada que xustifique o facer cousa de tal natureza a espaldas de quen en caso semellante debe decír a derradeira opinión.

A "Academia Gallega" tén a palabra e agardemos a súa explicación para que todos seipamos a que aternos e para que cada ún tome parte no acto según o seu pensamento e según como aquél lévese a cabo.

VICTOR CASAS.

N. de R.—O artigo, prudente, respetuoso e comedido, do irmán Víctor Casas, temémonos moito que non faga nada, porque xa se leva escrito moito en col do asunto i-é hoxe o día que a "Academia Gallega" sigue coa lingua trabada sin dar señales de vida. O seguro é que a estatua de Curros faraiá quen queira o "Diario da Marina"; eles teñen os cartos, e prá o que lles pete. A nós n-este asunto samente nos comple decír que a "Irmandade da Fala" non consentirá unha estatua a Curros feita por un artista que non seña galego, cando como n-este caso, se fai a estatua con cartos conqueridos por suscripción popular. E si hai quen se atreva a erguela a nós sobraránnos azos para derrubala. O dito, dito queda, e tempo ao tempo.

"...a Galliza é a provincia máis duramente submetida á unidade política e máis sacrificada pelo centralismo administrativo; ela resiste pela tradición lirica, em que conserva a sua feição étnica e esse espírito local a que chama "saúde"... A Galliza seguiu a sorte da unificación asturo-leonesa, perdendo cada vez máis os seus elementos de cultura e de vida nacional..."

A Galliza, na reconstitución da sociedade neo-gótica, era o foco da civilización peninsular; aquí vinham os reis completar a súa educación e a lingua galega era preferida para as composicións poéticas das Cortes em que se imitava a poesía trovadoresca, tão delicada na súa causística sentimental. A Galliza perde a súa existencia política e por tal acto apágase a súa cultura..."

TEOFILO BRAGA.

NO "CIRCO DE ARTESANOS"

EN SADA

Conferencia de Castelao

Como o mais dino remate da serie de conferencias organizada pol-a Sociedade de Artesanos en col da persoa-lidade de Galicia, deu unha, admirable como total-as suas, o ilustre artista galego, admirado e quirido amigo e irmán noso, Alfonso R. Castelao.

Había grande espeitación por escoitalo, porque este gran artista quirido e admirado por toda Galicia, tén con-querido no púbrico da Cruña trunfos definitivos non con-queridos por ninguén con exposiciós e conferencias que consagraron para sempre o seu arte e o seu talento. O amplo salón de actos do Circo atopábase cheo de xente, que entusiasmado lle interrompeu con aprausos moitas veces a conferencia e ao derradeiro tributoulle unha ovación tan forte e prolongada como poucas se lembran.

Falou acerca do novo sentimento na arte. Con pensa-mento do hourizontes amplios, de ritmo elevado, de visión profunda, robustecido e-un acabado conocimiento da his-toria e da técnica, foi a sua conferencia a creación d-unha nova filosofía da arte, para chegar á consecuencia irre-batible de que o novo sentimento na arte é un sentimento nacional, o sentimento da terra, único xeito de poder facer un arte de valor universal. Pol-a brevedade de espacio, por-que temos mentes de poder publicala íntegra, non facemos un extracto, que non podería dar aos nosos lectores unha impresiós do traballo de Castelao, por ser xa él mesmo unha síntesis admirabile imposibile de resumir.

Pol-a noite moitos amigos tivemos-o honore de acom-pañalo a cenar, e inda que a cena era de carácter íntimo e privado, pol-o número e calidade dos comensales, tivo a categoría d-un banquete. Entre os concurrentes estaban algúns membros da directiva do Circo e unha nutrida repersen-tación da Irmandade da Fala, entre eles os irmáns Lugrís, Balboa, Monasterio, Peña Novo, Blanco, Casal, Somoza, R. Sabio (T. e E.), Martínez, Zamora, Casas, Ferreiro, Car-ré, R. Chás, e outros mais que non lembramos. Ao derra-deiro o Sr. Lugrís dixo unhas verbas cheas de elocuente emoción, felicitando a Galicia pol-o gran trunfo de Caste-lao, e iste contestoulle con outras cheas de amore e de fé no porvir da nosa terra.

* * *

Xa en caixa istas liñas vemos en "Galicia", de Vigo, a idea de que se lle faga a Castelao un homenaxe dino do seu valimento. Parécenos admirabile a idea, e sin tempo n-este número para mais, cómplenos dicir que nos suma-mos co mais cordial entusiasmo a ela. Honrando a Cas-telao honramos á nosa terra.

Papel de fumar

N O R O E S T E

Grandioso acto galeguista

O odomingo 10 dos correntes celebrou a "Irmandade da Fala" da Cruña un gran acto galeguista na fermosa vila de Sada. Celebróuse no amplo "Salón Suízo", e tiña por ouxeto o de presentar ao pobo sadense a bandeira donada à "Irmandade" pol-as mulleres galegas, e para a que con-tribuiron en gra nparte as de Sada.

Con tal motivo trasladáronse á ridente vila un gran nú-mero de irmans da fala que excedía de medio cento, aos que acompañaron moitos familiares.

As oito deu comenzo o acto co'a representación, a cá-rrego da "Escola Dramática Galega" da Irmandade, do fermoso drama de Lugrís Freire "Minia", que agradou moito, recibindo o autor e os intérpretes nutridas e garimo-sas ovaciós.

A continuación fixo presentación da bandeira o irmán Peña Novo, presidente da Irmandade. Fixo historia de como xurdiu a idea do regalo da bandeira por parte das mulleres e a parte importantísima que n'elo tiveron as de Sada. Explicou en párrafos vibrantes o siñificado que ten a bandeira, decindo que hasta fai pouco Galicia non tiña bandeira porque o sentimento da Patria estaba adórmecido. Dixo que dende a fundación da primeira Irmandade esper-touse en toda a Terra unha arela de querer ser, e na actua-lidade Galicia camiña a pasos axigantados a unha nova vida mais rica e mais libre. A nosa bandeira é a representación da nova Galicia.

Rematou decindo que un pobo que non honra a ban-deira é un pobo morto e pediu un aprauso e unha oración para a bandeira, por ser ela a mais outa representación da nosa Patria.

Ao rematar de falar Peña Novo estalou unha ovación e algunhas mulleres arroxaron ao escaerio, onde lucía a bandeira, varios ramos de frores.

Logo falou o irmán Lugrís Freire, decindo canto é o seu amor por Sada, onde nasceu, e canto traballou sempre para que o pobo sadense unírase ao movemento redentor de Galicia. Evocou, en verbas emocionantes, os tempos da sua mocidade e tivo frases de xusta condenación para os polí-ticos que asoballan ó seu pobo. Dixo que se sentía orgulloso de que as mulleres sadenses contribuíran ao obsequio da bandeira, demostrando así o seu entusiasmo e o seu fondo sentimento patriótico. Cantou a Galicia e á sua liberdade e rematou dando un ¡Viva Galicia!, que foi unánimemente contestado, ao mesmo tempo que sonou no teatro unha ca-riñosa e prolongada ovación.

Despois a "Escola Dramática" levou ao taboado a gra-ciosa comedia de Leandro Carré "O porazón de un pedá-neo", que meresceu grandes aprausos. Asistiu ao acto un púbrico moi numeroso que casi enchía o amplo teatro onde tivo lugar e que saíu moi entusiasmado e satisfeito.

As once e media fíxose o regreso n'un tranvía expresa-mente alugado, que saíu de Sada cando soaban as patrió-ticas estrofas do noso hino nacional cantado pol-os moitos nacionalistas que á festa concurriran. Foi un fermoso acto patriótico do que estamos moi satisfeitos e que deixarán fonda lembranza no pobo de Sada.

POETAS GALLEGOS

OS VELLOS

UN BICO

Lémbrome bén; falábache d'amores,
 "Mintireiro", dicías, e asomabas
 As bágoas nos teus ollos faladores
 Tremendo com-as pingas que nas frores
 O bico da mañán deixa pousadas.

Estiven pradicando media hora,
 Unha ola gastei de mel de pico;
 Pero ti sin parar, chora que chora,
 "A ver si calas—dixen eu—agora",
 E calache... ¡N'hai nada coma un bico!

HE-FER-GAS. Ano 1882.

* * *

Non cantes tan tristemente
 Probe e desolada nai;
 Non lle cantes cantos brandos
 Pr'adormecer ao rapaz;
 Onde está a coba do sono,
 No céltico carballal;
 Cántalle cantos ousados,
 Que esforzado o peito fan;
 Cántalle o que xa cantara
 O nobre bardo Gundar:
*A luz virá para a caduca Iberia
 Dos fillos de Breogán!...*

EDUARDO PONDAL.

OS NOVOS

VIEIRO DE GRORIA

Os mozos nazonalistas

O poeta votou a semente
 de ideas e arelas
 e xurdiu a fulxente
 florazón d'estrelas;
 florido sendeiro,
 luminoso vieiro
 d'acesos espritos,
 Vía láctea do novo romeiro
 que vai a Iria Flavia
 para ser comulgante nos ritos
 da fe nova da nova Galiza
 que ser ceibe e ser ela cubiza.

Devanceiros das testas ergueitas
 que votaches no sulco a semente,
 ollar, escoitar:
 froitifican as novas colletias
 e levan os mozos d'agora na frente
 unha estrela e no bico o cantar.

As que brilan quizáis coma estrelas
 son as bágoas das nais fusiladas
 estando preñadas
 d'homes novos e novas arelas;
 e isas bágoas ardentes caíron
 como cae na noite un luceiro,
 sobre os mozos variles que viron
 a cabeza de luz coroada
 porque foi cada bágoa trocada
 n-un casco guerreiro.

RIBAS MONTENEGRO.

Cantigas da Terra

Este notabilísimo e apraudido coro cruñés acaba de real-
 izar unha triunfal excursión por León e Asturias. Todol-os
 xornás faláron d'ela e reseñaron-a ampiamente.

En todol-os pobos que visitou foi agarimosamente aco-
 llido, colleitando grandes loureiros e moi merescidos
 trunfos.

A nós prodúcenos gran ledicia este acto pol-a impor-
 tancia que encerra pois o éxito conquistado non foi somentes
 pola labor artística realizada que dende logo calificamos
 de admirabile, senón e principalmente porque "Cántigas
 da Terra" levaba a representación de Galicia e abonda ésto
 para que cando, como no caso presente, aquela represen-
 tación sexa ben ostentada atópe-se sempre boa acollida e
 abranse querendosamente todal-as portas.

"Cántigas da Terra" paseou triunfalmente a nosa mú-
 sica popular tan rica e tan fermosa. E era de ver, según
 nos contan, o entusiasmo que se despertou entre os galegos
 alí residentes, e aínda nos naturás que admirando a fer-

mosura da nosa música, gababan a importancia artística do
 coro e acollían fidalgamente o nome de Galicia por "Cán-
 tigas" representada.

En Avilés, onde repousan os restos do chorado Jam-
 brina, o malogrado Borrás galego, o coro depositou na sua
 campa uns ramos de frores ao mesmo tempo que solem-
 nemente cantaba o noso hino. Algúns asistentes faláronnos
 do emocionante d'este acto, pol-o que felicitamos aos entu-
 siastas rapaces da enxebre agrupación.

A falla de tempo dispoñible fixo que a excursión non
 poidera extenderse a outros pobos de onde os chamaban con
 gran insistencia e interés.

O día do retorno á Cruña, a Irmandade da Fala pubri-
 cou unhas notas na prensa local invitando ao pobo a que
 os fose a recibir e à estación acudiu unha nutrida comisión
 da Irmandade co'a bandeira e tamén moito público. Fíxo-
 selle un recibimento moi garimoso e cordial. Despois de
 saír do Concello, a onde foi tan axiña como chegou, o coro
 encaminouse ao local da Irmandade, onde cantou varios
 cantos do seu extenso repertorio, sendo agasallado con un
 refresco por parte da directiva.

Novamente facemos constar a nosa íntima satisfacción por este viaxe, e ao mesmo tempo que enviamos a "Cántigas da Terra" unha querendosa e entusiasta embora que nos sae da alma, queremos pedirles que continúen cada vez con mais entusiasmos realizando esa labor patriótica que sempre mereceu o noso aprauro e facendo así colleitarán mais veces loureiros e trunfos como o conquerido agora en terras non galegas.

¡Adiante, rapaces, e "Terra a Nosa"!

Soidades

Brua o vento,
o sol saí dentr-as nubes
y-a xente érguese do leito.

Na poula d-un castiñeiro
canta ó mirlo
y-ala benxe oise ó gaiteiro.

Xa é hora da misa,
óyense tocar as campas,
y-a xente vai de prisa.

Unha moza
corre á igrexa
c'o pano na cabeza.

ANGEL REGUEIRO GONZALEZ.

La Vega del Bollo, Octubre 1922.

Novas da Causa

En Mondoñedo estase organizando unha Irmandade, que conta xa con moitos e entusiastas elementos. Para a data da inauguración farase n-aquela cidade unha gran festa galeguista.

* * *

Cada día acentúase mais a orientación galéguista da "Liga de Defensores de Vigo". Esta admirable entidade, orgullo de Vigo e de Galicia, ven facendo por aquelas terras unha aitivísima propáganda, celebrando mítis todol-os domingós, e n-eses mítis falan en galego casi todol-os oradores. Nós ollamos á "Liga de Defensores de Vigo" como o xermolo d-unha groriosa Liga de defensores de Galicia.

* * *

Tamén no mesmo Vigo fai pouco que fixo a súa presentación ao público o coro de Lavadores "Queixumes dos Pinos", conquerindo un grande eisito.

No gran teatro Odeón, que estaba cheio de público, puxo en escena a comedia "O Chufón", de D. Jesús Rodríguez López, sendo interpretada con moito agarimo e maestría, e moi apraudidos todol-os intérpretes.

Despois cantou o coro as obras millores do seu repertorio, e pol-o derradeiro o Hino galego, que o público posto en pé ovacionou con vivas a Galicia, tendo que ser repetido e cantado por todo o público.

O mesmo coro prepara para este vrán unha gran fes-

Aguardar.—Agardar.
Aguardiente.—Augardente.
Agudeza.—Agudeza, listeza, renartería.
Agudo.—Agudo, espilido, renarte.
Agüero.—Agoiro.
Aguijada.—Guillada.
Aguijar.—Aguilloar.
Aguijón.—Aguillón.
Águila.—Águia.
Aguja.—Agulla.
Agujerear.—Furar, aburacar, esfuracar.
Agujero.—Burato, buraco, furado, caneiro.
Aguzar.—Afiar, aguzar.
¡Ah!—¡Ah!
Aherrojar.—Aferrollar.
Ahí.—Ahi.
Ahijado.—Afillado.
Ahina.—Axiña, agora, decontado.
Ahingo.—Afincamento.
Ahitar.—Fartar, encher.
¡Aho!—¡Ouh!
Ahogado.—Afogado, esganado.
Ahogar.—Afogar, abafar, acorar, esganar.
Ahondar.—Afondar.
Ahora.—Agora, xa.
Ahorcajado.—A cancháperna.
Ahorcar.—Aforcar.
Ahorrar.—Aforrar, empetar, atallar.
Ahorros.—Aforro.
Ahuchar.—Empetar.

Aflojar.—Afroxar, amolecer, ceibar.
Afluencia.—Afluencia.
Afluente.—Afluente.
Afluir.—Afluir.
Afonía.—Rouqueira.
Afónico.—Rouco.
Aforo.—Aforaxe, aforamento.
Afortunadamente.—Endeben, por sorte, con boafada.
Afortunado.—Benfadado.
Afrenta.—Aldraxe.
Afrentar.—Aldraxar, inxuriar, alcumar.
Afrentoso.—Aldraxento.
Afuera.—Afora.
Agacharse.—Abaixarse, encollerse, querenarse.
Agachar.—Abaixar, acochar.
Agalla.—Bugallo.
Agarrado.—Apreixado, collido, poutado, cutre.
Agarrar.—Apreixar, coller, termar.
Agarrarse.—Collerse.
Agasajar.—Agasallar, festexar.
Agasajador.—Agasalleiro, gasalleiro, festeixeiro.
Agasajo.—Agasallo, festa.
Agazillar.—Agayclar, acer monilos.
Agazaparse.—Encollerse, acurruncharse.
Agencia.—Axencia.
Agenciar.—Asenllar, axenciar.

ta galega ao aire libre, á que concurrirán varios coros d-outros sitios de Galicia.

* * *

No mesmo Lavadores, a potente Sociedade agraria de Candeán prepara unha gran festa galeguista-agraria para o día 29 de Santiago co fin de inaugurar a súa bandeira galega. Como remate da festa darase un mitin monstro ao que asistirán total-as xentes e Sociedades da comarca, no que falarán os Sres. Basilio Alvarez, Zulueta, Gregorio G. Espino e Peña Novo.

Merecente de louba é ista Sociedade, que debía ser imitada por total-as Sociedades agrarias, trocando as súas bandeiras de cores exóticas, pol-a santa bandeira da nosa terra.

* * *

Nas Américas nótase agora mais que nunca un forte desenrolo do nacionalismo galego. O partido arredista galego da Habana cada día téñen mais socios, que xa chegan a moitos centos. En Bos Aires o Sr. Rodriguez Lence, director propietario do gran periódico "Correo de Galicia", está facendo unha labor admirable e froitífera. De todo isto, que téñen unha grande trascendencia, xa falaremos outro día. Hoxe abóndanos decir que naquela cidade e en Veracruz (Méjico) están constituindo dúas "Irmandades da Fala", que contan xa entre os seus adeptos cos millores e mais entusiastas elementos entre os galegos alí residentes.

; Ben pol-os galegos do além-mar. ! Eles poderán salvar a Galicia.

; Terra a Nosa!

POSTALES GALEGAS

Malpica de Bergantiños

Fermosa vila bergantiñana, deitada no seo de dúas montañas. De fronte o mar, imponente e bravío, co seu ronco balbordo eterno; as casas ruben pol-o acantilado como centinelas heroicos. Pol-a outra banda unha praia extensa, limpa e mol coma leite de noiños, onde a terra e o mar andan namorándose ás apalpadas; no hourizonte as islas Sisargas, inxentes e misteriosas, de lembranzas druidicas. Terra forte, de homes fortes.

Terra isolada do mundo civilizado. Non téñen telégrafo, nin correo (a 50 kilómetros da Cruña, unha carta tarda tres días en chegar á Cruña), nin luz eléctrica, nin porto, nin dársena. O mar todol-os anos leva algunha casa como tributo á desidia do Estado. Os seus barcos de pesca grandes teñen que estar en Tella, a dez kilómetros distante, por falla de abrigo é de calado. Os fortes mariñeiros teñen que rubir as lanchas á praza pública, a vinte metros sobor do mar, n-un esforzo escravizante, pior que os silgadores do Volga, que os literatos rusos nos poñen como eixemplo de

Agenda.—Axenda.

Agente.—Axente.

Agigantar.—Axigantar.

Agil.—Axil, lixeiro, bulideiro, listo.

Agilidad.—Axilidade, lixeireza, listeza.

Agitación.—Afervoamento.

Agitado.—Abritado, mexido, afervoado, abalado.

Agitar.—Abritar, remexer, afervoar, abanear, boligar, abalar.

Aglomerar.—Amontoar, acubular, axuntar.

Aglomerarse.—Amontoarse, apreixarse, axuntarse.

Agobiar.—Cangar, rindir, desalentar, acorar.

Agolpar.—Amontoar, mesturar, axuntar.

Agonía.—Agunía.

Agonizar.—Aguniar, agunizar.

Agorar.—Agoirar.

Agorero.—Agoireiro.

Agostar.—Agostar, queimar.

Agosto.—Agosto, mes de nosa Señora.

Agotamiento.—Esgotamento.

Agotar.—Esgotar, achicar.

Agraciado.—Agraciado, beilido.

Agradable.—Agradabre.

Agradar.—Agradar, apracer, dar xenio.

Agradecer.—Agradecer, estimar, obrigarse.

Agradecimiento.—Agradescemento, obriga.

Agramar.—Gramar.

Agrandar.—Agrandar, arrequeutar.

Agrario.—Agrario.

Agravante.—Agravante.

Agravar.—Agravar.

Agraviar.—Agravear, ferir.

Agraz.—Agraz.

Agredir.—Agredir.

Agregar.—Agregar, engadir, adunar, axugar, arrequeutar.

Agremiar.—Agremiar.

Agresión.—Agresión.

Agresor.—Agresor.

Agfeste.—Agreste, bravo.

Agriar.—Acedar.

Agrícola.—Agrícola.

Agricultor.—Agricultor.

Agricultura.—Agricultura, labranza.

Agridulce.—Agredoce, agrete.

Agriera.—Acía.

Agrietar.—Fender, escachar, rachar.

Agrio.—Agre, acedo, agror.

Agrisado.—Grisallo, cincento.

Agro.—Agra, agro.

Agrupar.—Agrupar, axuntar, xuntar en fatos

Agua.—Auga, augoa.

Aguacero.—Corisco, treboada, turboada, coriscada.

Aguada.—Augada.

Aguador.—Aguadeiro.

Aguantar.—Termar, sufrir, aturar, agoantar.

Aguarse.—Augarse, anegarse.

escravitude. E si un veciño quer sair ao mar non pode, porque a súa lancha está no medio das demais na praza do pobo, e ten que agardar a que queiran sair todol-os veciños.

Alí non hai nada que repersente ao Estado hespañol mais que catro carabineros e un cabo. Aqueles bravos mariñeiros, que non teñen ningunha protección do Estado, que están orfos como nas costas africanas, tiñan a liberdade dos seus mares; e somente para quitárllela fixo acto de presenza en Malpica o Estado hespañol.

Iste pobo tivo un xesto que debe pasar á Historia: pidiron escolas ao diputado, éste quixo mandarlles un posto da Guardia civil, e o pobo enteiro e unánime rechazou coma unha ofensa o ofrecimento. I-é a úneca vila de Galicia que non tén Guardia civil.

Resume da historia de Galicia

(Continuación)

Os godos non dominaron Galicia d'unha maneira di-
reita nen consideraron o noso reino como parte integrante
do d'eles, senón como axeito e gobernado aparte con certa
independencia; pero nen esto soportaban os galegos, tanto
que houbo algunhas revoltas para sacudir o xugo e hasta
Witiza foi nomeado pol-os godos rei de Galicia, restau-
rando unha monarquía que tiñan desfeita. Este puxo a cor-
te en Tui e reinou só en Galicia, dende o 697 ao 701, ocu-
pando despois o trono que herdou do seu pai Egica; mais
o poder dos godos tocaba ao seu fin. Os árabes cobizaban
a Hespaña, entran n'ela, ganan a batalla de Jerés ou Gua-
dalete, onde desaparece o rei Rodrigo e esténdense pol-a
península invadindo tamén a Galicia; pero os galegos ér-
guense coma un sô home, e botan fora do país aquela xen-

te, axudando tamén en Covadonga a Paio e primeiro adail-
da reconquista.

Alfonso I pon a corte en Lugo e vence aos mouros
en moitas batallas. Sucédelle Fruela que lles gana a de Pon-
tunio, Vimara subrebose en contra d'él para restaurar,
tal ves, a monarquía galega, pero foi vencido e morto;
Amelió fixo despois o mesmo con mais sorte e, asesinado o
rei, ocupa Aurelio o trono (768), que deixa a Silo e éste
a Alfonso II, chamado o Casto. Mauregato, auxiliado pol-os
cordobeses, usúrpalle o reino, que din foille dado co'a obri-
ga d'un tributo de cen doncelas e Alfonso refúxase en Ala-
va. A Mauregato sucede Bermudo I o Diácono, que ga-
nou aos mouros a batalla de Buvia (Bureba, preto de Vila-
franca) e despois (721) renuncia a coroa de Galicia en Al-
fonso o Casto.

No tempo d'este Alfonso deuse a batalla do Campo das
Figueiras, na que os Figueirosas, rompídal-as armas, loita-
ron con ponlas de figueira, vencendo aos mafometas e to-
mando apellido do feito, pois antes chamábanse Fernan-
des de Temes e libertando a Galicia do tributo das cen don-
celas, que hoxe tense por fábula. Tamén perderon os mou-
ros, pouco despois, a batalla de Lutus contra dos galegos.
No 808 descúbrese no Burgo dos Tamaríños o corpo do
Apóstol Santiago por Teodomiro, bispo de Iria. Os mou-
ros invaden de novo Galicia, comandados por Abd-el-Ke-
rin e por Melik e son vencidos en Narón e Anceis e des-
trozados en Furelos.

FLORENCIO VAAMONDE.

(Seguirase).

Lea vostede o próximo número de
A NOSA TERRA

**A SUPERIORIDADE
DOS**

CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores. Mais o
procedere d'unha industria gallega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a sua Terra.

Fábrica: Juan Flórez, 136 — A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15 - A Cruña.

Real, 110 - Ferrol.

Príncipe, 9 - Vigo.

Incombustibles lixeriras Impermeables as pizarras C. Y. T.

son a millor cuberta para tellados

Pódense ver empregadas nos edificios: Cuartel das Mercedes, de Lugo; Balneario de Guitiriz, e nos edificios recentemente construídos no Campo da Estrada, da Cruña, para Inxenieiros militares, etc., etc. Son perfectamente regulares, cortadas a máquina e solo pesan 16 kilos metro cuadrado

Vendedor exclusivo: VIUDA DE NOVOA

Payo Gómez, 6 - A CRUÑA

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERIA — PAPERERIA

IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUÑA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa cras que máis honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adiantos.

Paulino Freire BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

Filios de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUÑA